



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta impulsar políticas públicas de acceso á vivenda para a mocidade na Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A vivenda é cada vez máis un problema para a sociedade galega, especialmente para a xente moza, e a Xunta de Galicia ten que responder a esa inxuedanza”.

Estas palabras do presidente da Xunta, pronunciadas na rolda de prensa posterior ao consello de goberno do 7 de outubro, constitúen unha afirmación que desde o grupo parlamentario do BNG saudamos, pois replican unha constatación que desde o noso grupo temos manifestado en múltiples iniciativas parlamentarias e demandado actuacións ao goberno da Xunta.

Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas públicas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise en que acceder a unha vivenda se converte nun imposíbel para a maioría social galega.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de quince anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública, vémosto na cidade da Coruña.

As persoas inscritas como demandantes de vivenda pública no rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo supera as 2.300 persoas, mentres A Coruña conta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con máis de 20.000 vivendas baleiras, segundo o INE, e as Vivendas de Uso Turístico non deixan de aumentar, reducindo a oferta habitacional en réxime de aluguer e sen atender á súa regulación por parte da Xunta.

A oferta de vivendas en aluguer segue a diminuír na Coruña e os prezos non deixan de subir, o que obriga a cidadanía a dedicar até o 54,12% do salario medio galego, o que fai inviábel garantir o acceso a unha vivenda digna.

Un problema que na Coruña está a sufrir a xente moza que vén estudar á nosa cidade.

A Coruña é unha cidade universitaria e resulta inexplicable que a día de hoxe non conte con oferta de ningunha praza de residencia pública por parte da Xunta, unha das razóns que está a condicionar, cando non impedir, o acceso á formación educativa universitaria na UDC.

Insuficiente oferta habitacional de aluguer, incremento de prezos abusivos e ausencia de prazas en residencias universitarias públicas están a conformar un contexto de crise extrema que está a negarlle ao estudiantado o acceso a unha vivenda digna e mesmo á educación superior.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a:

- Desenvolver unha bolsa de vivenda pública en réxime de aluguer na Coruña destinada ao estudiantado de formación superior, constituída a través da compra, rehabilitación e construción de inmóbeis novos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ofertar prazas en residencias públicas, rehabilitando infraestruturas existentes e creando outras novas en terreos propiedade da Xunta de Galiza”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/10/2024 16:29:16

Alexandra Fernández Gómez na data 09/10/2024 16:29:29

Iago Suárez Fernández na data 09/10/2024 16:29:40

Luis Bará Torres na data 09/10/2024 16:29:55

